



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Formalización de contrato coa categoría de conserxe (OEP 2021)*

##### ANUNCIO

Esta alcaldía ditou o 8 de xaneiro de 2025 o Decreto núm.17/2025, que a continuación se transcribe:

“Logo de ver a proposta do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a provisión, a través do sistema de concurso-oposición en quenda libre, dunha praza de persoal laboral denominada: conserxe, vacante no cadro de persoal municipal e incluída na Oferta de Emprego público do Concello de Sada para o ano 2021 (BOP núm.246,do 28-12-2021).

Resultando que o aspirante proposto: D. Faustino Doce Uzal, presentou a documentación preceptiva, esixida na convocatoria, a cal foi achada correcta e acreditativa dos requisitos esixidos.

Consonte ao disposto nas bases 10ª e 12ª xerais aplicables á convocatoria (BOP núm.120, 21-6-2024) e ás atribucións que me confiren os artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVO:

1º. Formalizar contrato laboral con D. Faustino Doce Uzal, co DNI núm. \*\* \*90 95\* \*, na modalidade de indefinido a tempo completo, coa categoría de conserxe (Grupo V do convenio colectivo), e adscribilo provisionalmente a un dos postos código: 060007 da relación de postos de traballo, denominado: conserxe de educación e cultura. Establécese un período de proba de 1 mes.

2º. A formalización do contrato realizarase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”.

O que se fai público para xeral coñecemento

Sada, 9 de xaneiro de 2025

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández